FP

FORMACIÓN PROFESIONAL



Ciclos formativos

Familia profesional

Servizos socioculturais e á comunidade

SSC

aquí hai futuro

XUNTA DE GALICIA

CM Atención a persoas en situación de dependencia

Ciclo formativo de grao medio **Título LOE**

Perfil profesional Duración **2.000 horas**

Que se aprende a facer?

Atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

En que ámbitos se traballa?

No sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

Que ocupacións se desempeñan?

Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios, coidador/ora en centros de atención psiquiátrica, xerocultor/ora, gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en Institucións, auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade, auxiliar de axuda a domicilio, asistente de atención domiciliaria, traballador/ora familiar, auxiliar de educación especial, asistente persoal, teleoperador/ora de teleasistencia.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0215	**Apoio domiciliario**	240
1º	MP0213	**Atención e apoio psicosocial**	240
1º	MP0216	**Atención sanitaria**	213
1º	MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	160
1º	MP0218	Formación e orientación laboral	107
2º	MP0214	**Apoio á comunicación**	87
2º	MP0217	**Atención hixiénica**	87
2º	MP0211	Destrezas sociais	123
2º	MP0219	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0220	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0210	**Organización da atención ás persoas en situación de dependencia**	123
2º	MP0020	Primeiros auxilios	53
2º	MP0831	**Teleasistencia**	104

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0210 Organización da atención ás persoas en situación de dependencia.	UC1016_2 Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar.
MP0216 Atención sanitaria. MP0217 Atención hixiénica.	UC0249_2 Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. UC1017_2 Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional. UC1018_2 Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.
MP0213 Atención e apoio psicosocial. MP0214 Apoio á comunicación.	UC0250_2 Desenvolver intervencións de atención psicosocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria. UC1019_2 Desenvolver intervencións de atención psicosocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.
MP0215 Apoio domiciliario.	UC0251_2 Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial.
MP0831 Teleasistencia.	UC1423_2 Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia. UC1424_2 Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia. UC1425_2 Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1016_2	Preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar.	MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia.
UC0249_2	Desenvolver intervencións de atención física domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria.	MP0216 MP0217	Atención sanitaria. Atención hixiénica.
UC1017_2	Desenvolver intervencións de atención física dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.		
UC1018_2	Desenvolver intervencións de atención sociosanitaria dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.		
UC0250_2	Desenvolver intervencións de atención psicosocial domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria.	MP0213 MP0214	Atención e apoio psicosocial. Apoio á comunicación.
UC1019_2	Desenvolver intervencións de atención psicosocial dirixidas a persoas dependentes no ámbito institucional.		
UC0251_2	Desenvolver as actividades relacionadas coa xestión e o funcionamento da unidade convivencial.	MP0215	Apoio domiciliario.
UC1423_2	Atender e xestionar as chamadas entrantes do servizo de teleasistencia.	MP0831	Teleasistencia.
UC1424_2	Emitir e xestionar as chamadas saíntes do servizo de teleasistencia.		
UC1425_2	Manexar as ferramentas, as técnicas e as habilidades para prestar o servizo de teleasistencia.		

CS Educación infantil

Ciclo formativo de grao superior **Título LOE**

Perfil profesional Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer?

Deseñar, pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

En que ámbitos se traballa?

No sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

Que ocupacións se desempeñan?

Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas. Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais. Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0015	**Desenvolvemento cognitivo e motor**	213
1º	MP0011	**Didáctica da educación infantil**	240
1º	MP0014	**Expresión e comunicación**	213
1º	MP0021	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0013	**O xogo infantil e a súa metodoloxía**	187
2º	MP0012	**Autonomía persoal e saúde infantil**	155
2º	MP0016	**Desenvolvemento socioafectivo**	123
2º	MP0022	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0023	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0017	**Habilidades sociais**	123
2º	MP0018	**Intervención con familias e atención a menores en risco social**	123
2º	MP0020	Primeiros auxilios	53
2º	MP0019	Proxecto de atención á infancia	26

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Técnico superior en Educación Infantil

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0017 Habilidades sociais.	UC1027_3 Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con diferentes profesionais.
MP0011 Didáctica da educación infantil.	UC1028_3 Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de nenos e nenas de cero a tres anos.
MP0012 Autonomía persoal e saúde infantil. MP0018 Intervención con familias e atención a menores en risco social.	UC1029_3 Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.
MP0013 O xogo infantil e a súa metodoloxía.	UC1030_3 Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.
MP0014 Expresión e comunicación.	UC1031_3 Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.
MP0016 Desenvolvemento socioafectivo. MP0018 Intervención con familias e atención a menores en risco social.	UC1032_3 Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do neno ou da nena cos seus iguais e coas persoas adultas.
MP0015 Desenvolvemento cognitivo e motor.	UC1033_3 Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretándoas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC1027_3 Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con diferentes profesionais.	MP0017 Habilidades sociais.
UC1028_3 Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de nenos e nenas de cero a tres anos.	MP0011 Didáctica da educación infantil.
UC1029_3 Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.	MP0012 Autonomía persoal e saúde infantil.
UC1030_3 Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.	MP0013 O xogo infantil e a súa metodoloxía.
UC1031_3 Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.	MP0014 Expresión e comunicación.
UC1032_3 Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do neno ou da nena cos seus iguais e coas persoas adultas.	MP0016 Desenvolvemento socioafectivo. MP0018 Intervención con familias e atención a menores en risco social.
UC1033_3 Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretándoas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.	MP0015 Desenvolvemento cognitivo e motor.

CS Integración social

Ciclo formativo de grao superior **Título LOE**

Perfil profesional Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer?

Programar, organizar, pór en práctica e avaliar as intervencións de integración social aplicando estratexias e técnicas específicas, promovendo a igualdade de oportunidades, con actitude de respecto cara ás persoas destinatarias e garantindo a creación de ámbitos seguros, tanto para profesionais como para as persoas des-tinatarias.

En que ámbitos se traballa?

No sector dos servizos ás persoas (de tipo asistencial, educativo, de apoio na xestión doméstica e psicosocial) e no de servizos á comunidade (atención psicosocial a colectivos e persoas en desvantaxe social, mediación comunitaria, inserción ocupacional e laboral, promoción de igualdade de oportunidades e defensa dos dereitos das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e as súas fillas).

Que ocupacións se desempeñan?

Técnico/a de programas de prevención e inserción social; educador/ora de equipos residenciais de diverso tipo; educador/ora de persoas con discapacidade; traballador/ora familiar; educador/ora de educación familiar; auxiliar de tutela; monitor/ora de centros abertos; técnico/a de integración social; especialista de apoio educativo; educador/ora de educación especial; técnico/a educador/a; técnico/a especialista I (de integración social); técnico/a especialista II (educativo); monitor/ora de persoas con discapacidade; técnico/a de mobilidade básica; técnico/a de inserción ocupacional; mediador/ora ocupacional e/ou laboral; dinamizador/ora ocupacional e/ou laboral; educador/ora de base; mediador/ora comunitario/a; mediador/ora intercultural; mediador/ora veciñal e comunitario/a; preparador/ora laboral; técnico/a de emprego con apoio; técnico/a de acompañamento laboral; monitor/ora de rehabilitación psicosocial.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0339	**Atención ás unidades de convivencia**	161
1º	MP0337	**Contexto da intervención social**	133
1º	MP0346	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0338	**Inserción sociolaboral**	213
1º	MP0344	**Metodoloxía da intervención social**	133
1º	MP0342	**Promoción da autonomía persoal**	213
2º	MP0341	**Apoio á intervención educativa**	123
2º	MP0347	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0348	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0017	Habilidades sociais	123
2º	MP0340	**Mediación comunitaria**	139
2º	MP0020	Primeiros auxilios	53
2º	MP0345	Proxecto de integración social	26
2º	MP0343	**Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación**	139

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Técnico superior en Integración Social

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0337 Contexto da intervención social.	UC0252_3 Programar, organizar e avaliar as intervencións de integración social. UC1448_3 Detectar, xerar e utilizar recursos sociais e comunitarios para a realización de intervencións socioeducativas con persoas con discapacidade.
MP0338 Inserción sociolaboral.	UC1034_3 Xestionar a información sobre os recursos sociolaborais e formativos, e colaborar na análise de postos de traballo para a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade. UC1035_3 Realizar as intervencións dirixidas ao adestramento para a adquisición e o desenvolvemento de habilidades sociolaborais nas persoas con discapacidade. UC1036_3 Apoiar no proceso de inserción sociolaboral de persoas con discapacidade. UC1037_3 Efectuar o seguimento da inserción sociolaboral coa empresa, a persoa usuaria e o seu ámbito persoal.
MP0339 Atención ás unidades de convivencia.	UC1450_3 Organizar, desenvolver e avaliar procesos de inclusión de persoas con discapacidade en espazos de lecer e tempo libre. UC1452_3 Actuar, orientar e apoiar as familias de persoas con discapacidade, en colaboración con profesionais de nivel superior.
MP0340 Mediación comunitaria.	UC1038_3 Identificar e concretar as características e as necesidades do contexto social da intervención. UC1039_3 Previr conflitos entre persoas, actores e colectivos sociais. UC1040_3 Organizar e pór en marcha o proceso de xestión de conflitos. UC1041_3 Realizar a valoración, o seguimento e a difusión da mediación como unha vía de xestión de conflitos.
MP0341 Apoio á intervención educativa.	UC1427_3 Executar, en colaboración co titor ou a titora e/ou co equipo interdisciplinar do centro educativo, os programas educativos do alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) na súa aula de referencia. UC1428_3 Pór en marcha os programas de autonomía e hixiene persoal no aseo do alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE), participando co equipo interdisciplinar do centro educativo.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0342 Promoción da autonomía persoal.	UC0253_3 Desenvolver as intervencións dirixidas ao adestramento e á adquisición de habilidades de autonomía persoal e social. UC1449_3 Organizar e realizar o acompañamento de persoas con discapacidade na realización de actividades programadas. UC1451_3 Organizar e desenvolver o adestramento en estratexias cognitivas básicas e a alfabetización tecnolóxica para persoas con discapacidade, en colaboración con profesionais de nivel superior.
MP0343 Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.	UC0254_3 Establecer, adaptar e aplicar sistemas alternativos de comunicación.
MP0344 Metodoloxía da intervención social.	UC1022_3 Dinamizar a planificación, o desenvolvemento e a avaliación de intervencións e proxectos comunitarios e de participación cidadá que se desenvolvan entre os axentes que configuran unha comunidade ou unha zona territorial. UC1024_3 Establecer estratexias de comunicación e difusión dos diferentes proxectos e das actuacións comunitarias. UC1026_3 Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0252_3 Programar, organizar e avaliar as intervencións de integración social. UC1448_3 Detectar, xerar e utilizar recursos sociais e comunitarios para a realización de intervencións socioeducativas con persoas con discapacidade.	MP0337 Contexto da intervención social.
UC1034_3 Xestionar a información sobre os recursos sociolaborais e formativos, e colaborar na análise de postos de traballo para a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade. UC1035_3 Realizar as intervencións dirixidas ao adestramento para a adquisición e o desenvolvemento de habilidades sociolaborais nas persoas con discapacidade. UC1036_3 Apoiar no proceso de inserción sociolaboral de persoas con discapacidade. UC1037_3 Efectuar o seguimento da inserción sociolaboral coa empresa, a persoa usuaria e o seu ámbito persoal.	MP0338 Inserción sociolaboral.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1450_3	Organizar, desenvolver e avaliar procesos de inclusión de persoas con discapacidade en espazos de lecer e tempo libre.	MP0339	Atención ás unidades de convivencia.
UC1452_3	Actuar, orientar e apoiar as familias de persoas con discapacidade, en colaboración con profesionais de nivel superior.		
UC1038_3	Identificar e concretar as características e as necesidades do contexto social da intervención.	MP0340	Mediación comunitaria.
UC1039_3	Previr conflitos entre persoas, actores e colectivos sociais.		
UC1040_3	Organizar e pór en marcha o proceso de xestión de conflitos.		
UC1041_3	Realizar a valoración, o seguimento e a difusión da mediación como unha vía de xestión de conflitos.		
UC1427_3	Executar, en colaboración co titor ou a titora e/ou co equipo interdisciplinar do centro educativo, os programas educativos do alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) na súa aula de referencia.	MP0341	Apoio á intervención educativa.
UC1428_3	Pór en marcha os programas de autonomía e hixiene persoal no aseo do alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE), participando co equipo interdisciplinar do centro educativo.		
UC0253_3	Desenvolver as intervencións dirixidas ao adestramento e á adquisición de habilidades de autonomía persoal e social.	MP0342	Promoción da autonomía persoal.
UC1449_3	Organizar e realizar o acompañamento de persoas con discapacidade na realización de actividades programadas .		
UC1451_3	Organizar e desenvolver o adestramento en estratexias cognitivas básicas e a alfabetización tecnolóxica para persoas con discapacidade, en colaboración con profesionais de nivel superior.		
UC0254_3	Establecer, adaptar e aplicar sistemas alternativos de comunicación.	MP0343	Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
UC1022_3	Dinamizar a planificación, o desenvolvemento e a avaliación de intervencións e proxectos comunitarios e de participación cidadá que se desenvolvan entre os axentes que configuran unha comunidade ou unha zona territorial.	MP0344	Metodoloxía da intervención social.
UC1024_3	Establecer estratexias de comunicación e difusión dos diferentes proxectos e das actuacións comunitarias.		
UC1026_3	Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social.		

CS Animación sociocultural e turística

Ciclo formativo de grao superior **Título LOE**

Perfil profesional Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer?

Programar, organizar, pór en práctica e avaliar intervencións de animación sociocultural e turística, promovendo a participación activa das persoas e dos grupos destinatarios, e coordinando as actuacións de profesionais e persoal voluntario ao seu cargo.

En que ámbitos se traballa?

No sector dos servizos á comunidade (desenvolvemento comunitario e información xuvenil), no sector dos servizos culturais (lectura e información, tecnoloxías da información e da comunicación, etc.) e de recursos e produtos culturais diversos, e nos sectores de servizos turísticos e de lecer e tempo libre (actividades lúdicas e deportivas, ambientais e de aire libre).

Que ocupacións se desempeñan?

Coordinador/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil. Director/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil. Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil. Coordinador/ora ou director/ora de campamentos, albergues de xuventude, casas de colonias, granxasescola, e aulas de casas de xuventude e escolas de natureza. Monitor/ora de tempo libre. Animador/ora sociocultural. Dinamizador/ora comunitario/a. Asesor/ora para o sector asociativo. Técnico/a comunitario/a. Xestor/ora de asociacións.Técnico/a de servizos culturais. Animador/ora cultural. Informador/ora xuvenil. Animador/ora de hotel. Animador/ora de veladas e espectáculos. Animador/ora de actividades recreativas ao aire libre en complexos turísticos. Xefe/a de departamento en animación turística.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1125	**Animación e xestión cultural**	213
1º	MP1131	Contexto da animación sociocultural	107
1º	MP1128	**Desenvolvemento comunitario**	107
1º	MP1133	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1129	**Información xuvenil**	133
1º	MP0179	Inglés	160
1º	MP0344	**Metodoloxía da intervención social**	133
2º	MP1123	**Actividades de lecer e tempo libre**	156
2º	MP1126	**Animación turística**	140
2º	MP1124	**Dinamización grupal**	123
2º	MP1134	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1135	Formación en centros de traballo	384
2º	MP1130	**Intervención socioeducativa con xente nova**	105
2º	MP0020	Primeiros auxilios	53
2º	MP1132	Proxecto de animación sociocultural e turística	26

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Técnico superior en Animación Sociocultural e Turística

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP1123	Actividades de lecer e tempo libre.	UC1868_2	Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre.
		UC1869_3	Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo.
MP1124	Dinamización grupal.	UC1093_3	Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer.
		UC1867_2	Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude.
		UC1870_3	Xerar equipos de persoal monitor, dinamizándoos e supervisándoos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil.
MP1125	Animación e xestión cultural.	UC1431_3	Programar, desenvolver e avaliar as programacións culturais realizadas polas persoas responsables de cultura.
		UC1432_3	Programar e dinamizar proxectos de animación cultural coas redes asociativas culturais.
		UC1433_3	Desenvolver accións de comunicación e márketing cultural.
MP1126	Animación turística.	UC1091_3	Xestionar departamentos de animación turística.
		UC1092_3	Deseñar, promover e avaliar proxectos de animación turística.
MP0344	Metodoloxía da intervención social.	UC1022_3	Dinamizar a planificación, o desenvolvemento e a avaliación de intervencións e proxectos comunitarios e de participación cidadá que se desenvolvan entre os axentes que configuran unha comunidade ou unha zona territorial.
		UC1024_3	Establecer estratexias de comunicación e difusión dos diferentes proxectos e das actuacións comunitarias.
		UC1026_3	Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social.
MP1128	Desenvolvemento comunitario.	UC1020_3	Establecer e manter relación cos principais axentes comunitarios (poboación, técnico/a e administracións), dinamizando a relación recíproca entre eles.
		UC1021_3	Promover a participación cidadá nos proxectos e nos recursos comunitarios.
		UC1023_3	Intervir, apoiar e acompañar na creación e no desenvolvemento do tecido asociativo.
		UC1025_3	Aplicar procesos e técnicas de mediación na xestión de conflitos entre axentes comunitarios.
MP1129	Información xuvenil.	UC1874_3	Organizar e xestionar servizos de información de interese para a xuventude.
		UC1875_3	Organizar e xestionar accións de dinamización da información para a xuventude.
MP1130	Intervención socioeducativa con xente nova.	UC1876_3	Organizar accións socioeducativas dirixidas á xuventude no marco da educación non formal.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1868_2	Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre.	MP1123	Actividades de lecer e tempo libre.
UC1869_3	Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo.		
UC1093_3	Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer.	MP1124	Dinamización grupal.
UC1867_2	Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude.	MP1124	Dinamización grupal.
UC1870_3	Xerar equipos de persoal monitor, dinamizándoos e supervisándoos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil.		
UC1431_3	Programar, desenvolver e avaliar as programacións culturais realizadas polas persoas responsables de cultura.	MP1125	Animación e xestión cultural.
UC1432_3	Programar e dinamizar proxectos de animación cultural coas redes asociativas culturais.		
UC1433_3	Desenvolver accións de comunicación e márketing cultural.		
UC1091_3	Xestionar departamentos de animación turística.	MP1126	Animación turística.
UC1092_3	Deseñar, promover e avaliar proxectos de animación turística.		
UC1022_3	Dinamizar a planificación, o desenvolvemento e a avaliación de intervencións e proxectos comunitarios e de participación cidadá que se desenvolvan entre os axentes que configuran unha comunidade ou unha zona territorial.	MP0344	Metodoloxía da intervención social.
UC1024_3	Establecer estratexias de comunicación e difusión dos diferentes proxectos e das actuacións comunitarias.		
UC1026_3	Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social.		
UC1020_3	Establecer e manter relación cos principais axentes comunitarios (poboación, técnico/a e administracións), dinamizando a relación recíproca entre eles.	MP1128	Desenvolvemento comunitario.
UC1021_3	Promover a participación cidadá nos proxectos e nos recursos comunitarios.		
UC1023_3	Intervir, apoiar e acompañar na creación e no desenvolvemento do tecido asociativo.		
UC1025_3	Aplicar procesos e técnicas de mediación na xestión de conflitos entre axentes comunitarios.		
UC1874_3	Organizar e xestionar servizos de información de interese para a xuventude.	MP1129	Información xuvenil.
UC1875_3	Organizar e xestionar accións de dinamización da información para a xuventude.		
UC1876_3	Organizar accións socioeducativas dirixidas á xuventude no marco da educación non formal.	MP1130	Intervención socioeducativa con xente nova.

Nota. O módulo profesional MP1131: contexto da animación sociocultural validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

CS Mediación comunicativa

Ciclo formativo de grao superior **Título LOE**

Perfil profesional — Duración **2.000 horas**

Que se aprende a facer?

Desenvolver intervencións de mediación comunicativa para persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, que sexan usuarias da lingua de signos española, ou con dificultades de comunicación, linguaxe e fala; así como programas de promoción das persoas xordas e xordocegas usuarias da lingua de signos española, e de sensibilización social, respectando a idiosincrasia das per-soas usuarias.

En que ámbitos se traballa?

No sector dos servizos ás persoas xordas, xordocegas, con discapacidade auditiva e con dificultades de comunicación que sexan usuarias da lingua de signos española. Estes servizos recollen os ámbitos asistenciais, educativos, sociolaborais, psicosociais e de apoio nas xestións básicas. Tamén exercen a súa actividade no sector dos servizos á comunidade, nos ám-bitos da dinamización comunitaria e na promoción de igualdade de oportunidades con estes colectivos de persoas.

Que ocupacións se desempeñan?

Axente de desenvolvemento da comunidade xorda. Técnico/a en promoción, atención e formación a persoas xordas. Axente dinamizador/ora da comunidade xorda. Mediador/ora social da comunidade xorda. Axente de desenvolvemento da comunidade xordocega. Axente dinamizador da comunidade xordocega. Mediador de persoas xordocegas. Asistente de persoas xordocegas. Mediador de persoas con dificultades de comunicación.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1114	**Contexto da mediación comunicativa con persoas xordocegas**	160
1º	MP1120	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1113	**Intervención socioeducativa con persoas xordocegas**	133
1º	MP1115	**Lingua de signos**	240
1º	MP1111	**Metodoloxía da integración social das persoas con dificultades de comunicación, linguaxe e fala**	80
1º	MP1112	**Sensibilización social e participación**	80
1º	MP1118	Técnicas de intervención comunicativa	160
2º	MP1116	**Ámbitos de aplicación da lingua de signos**	175
2º	MP1121	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1122	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0017	Habilidades sociais	123
2º	MP1117	Intervención con persoas con dificultades de comunicación	87
2º	MP0020	Primeiros auxilios	53
2º	MP1119	Proxecto de mediación en comunicación	26
2º	MP0343	**Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación**	139

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Técnico superior en Mediación Comunicativa

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables	
MP1111	Metodoloxía da integración social das persoas con dificultades de comunicación, linguaxe e fala.	UC0252_3	Programar, organizar e avaliar as intervencións de integración social.
		UC1026_3	Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social.
MP1112	Sensibilización social e participación.	UC1023_3	Intervir, apoiar e acompañar na creación e no desenvolvemento do tecido asociativo.
		UC1447_3	Asesorar e sensibilizar individuos, colectivos e institucións sobre a comunidade xorda.
MP1113	Intervención socioeducativa con persoas xordocegas.	UC1439_3	Participar no desenvolvemento de programas educativos e formativos para persoas xordocegas.
		UC1441_3	Facilitar a interacción da persoa xordocega co seu ámbito para a realización de xestións básicas.
MP1114	Contexto da mediación comunicativa con persoas xordocegas.	UC1440_3	Realizar intervencións dirixidas a paliar situacións de illamento nas persoas xordocegas.
MP1115	Lingua de signos.	UC1437_3	Utilizar a lingua de signos española para o exercicio das súas funcións.
MP1116	Ámbitos de aplicación da lingua de signos.		
MP0343	Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.	UC0254_3	Establecer, adaptar e aplicar sistemas alternativos de comunicación.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC0252_3	Programar, organizar e avaliar as intervencións de integración social.	MP1111	Metodoloxía da integración social das persoas con dificultades de comunicación, linguaxe e fala.
UC1026_3	Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social.		
UC1023_3	Intervir, apoiar e acompañar na creación e no desenvolvemento do tecido asociativo.	MP1112	Sensibilización social e participación.
UC1447_3	Asesorar e sensibilizar individuos, colectivos e institucións sobre a comunidade xorda.		
UC1439_3	Participar no desenvolvemento de programas educativos e formativos para persoas xordocegas.	MP1113	Intervención socioeducativa con persoas xordocegas.
UC1441_3	Facilitar a interacción da persoa xordocega co seu ámbito para a realización de xestións básicas.		
UC1438_3	Utilizar os sistemas e os recursos de apoio á comunicación específicos das persoas xordocegas e as técnicas de guía vidente.	MP1114	Contexto da mediación comunicativa con persoas xordocegas.
UC1440_3	Realizar intervencións dirixidas a paliar situacións de illamento nas persoas xordocegas.		
UC1437_3	Utilizar a lingua de signos española para o exercicio das súas funcións.	MP1115	Lingua de signos.
		MP1116	Ámbitos de aplicación da lingua de signos.
UC0254_3	Establecer, adaptar e aplicar sistemas alternativos de comunicación.	MP0343	Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.

Onde informarse

Portal Educativo de Formación Profesional
www.edu.xunta.es/fp

Síguenos en:

twiter.com/fpgalicia

facebook.com/fpgalicia

Departamentos de orientación dos centros educativos

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo de San Caetano
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 544 400 - 981 544 376
dxefpie@edu.xunta.es

galicia

UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

XUNTA DE GALICIA